

Nivel	Categorías	Salario	Complementos		Pagas extraordinarias		RA (2)
			Convenio	Non salarial	Xullo	Nadal	
7	Delineante 2ª-viaxante-capataz-especialista de oficio	1.022,50	3,61	3,98	914,54	914,54	14.099,13
8	Oficial admvo. 2ª-oficial 1ª oficio	963,62	3,36	3,98	861,68	861,68	13.282,80
9	Auxiliar admvo.-oficial de 2ª de oficio	934,42	3,26	3,98	835,54	835,54	12.884,16
10	Auxiliar de laboratorio-vixilante almaceneiro-cobrador-axudante de oficio-especialista de 1ª	905,09	3,18	3,98	809,22	809,22	12.479,53
11	Especialista de 2ª-peón especializado	876,45	3,09	3,98	782,86	782,86	12.083,11
12	Muller limpeza-peón corrente	860,28	2,96	3,98	769,28	769,28	11.861,90
13(1)	Traballadores con contrato formativo (2º ano)	788,08	2,33	3,98	788,08	788,08	11.033,12
14(1)	Traballadores con contrato formativo (1º ano)	785,86	2,19	3,98	785,86	785,86	11.002,04

(1) Os valores dos distintos conceptos que figuran nos niveis e columnas referenciados correspóndense cos correspondentes á remuneración bruta anual do nivel IX do convenio colectivo xeral. Nestes niveis e na columna RA, xa están incluídos os complementos de convenio e non salarial.

(2) Na columna RA sumáronse os 12 meses de salario, máis as 2 pagas extraordinarias. Para achar a retribución total anual deberanse sumar tanto o complemento de convenio e o extrasalarial como a antigüidade consolidada, de ser o caso.

Axudas de custo:

Con pernoita: 41,22 euros

Sen pernoita: 23,77 euros

CONVENIO COLECTIVO: DERIVADOS DO CEMENTO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CALENDARIO LABORAL ANO 2005
 SECTOR DE ACTIVIDAD: DERIVADOS DO CEMENTO
 XORNADA ANUAL: 1.744 HORAS
 DESCANSO EN XORNADA: 15 MINUTOS TRATAMENTO: NON TRABALLO EFECTIVO
 FESTIVOS PREVISTOS EN CONVENIO: 24 E 31 DE DECEMBRO
 OUTROS FESTIVOS: ESTATAIS: 10 AUTONÓMICOS: 2 LOCAIS: 2

MES	DÍAS																														
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
XANEIRO	E	D				E			D							D							D								D
FEBRE	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28			
MARZO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
ABRIL	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	
MAIO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
XUÑO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	
XULLO	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
AGOS	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
SETEM	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	
OUTU	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31
NOVE	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	
DECEM	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31

E: FESTIVO ESTATAL A: FESTIVO AUTONÓMICO L: FESTIVO LOCAL (CORRESPONDENTES A LOCALIDADE DE VIGO) (*)
 C: FESTIVO CONVENIO V: VACACIÓN P: PONTE
 X: AXUSTE XORNADA

(*) Para outras localidades corresponderán os que procedan

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 29 de marzo de 2005 pola que se convoca o Premio Agader ao embelecemento do medio rural galego correspondente ao ano 2005.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) foi creada como unha unidade de xestión especializada, encargada de coordinar os esforzos das distintas áreas da Administración autonómica en materia de desenvolvemento rural, así como de impulsar as actividades dos axentes territoriais públicos e privados que teñen protagonismo neste campo.

A axencia, desde o momento da súa creación, está poñendo todos os medios posibles para facer do medio rural un lugar atractivo para a realización de investimentos que contribúan a mellorar as condicións de vida e a frear o despoboamento.

Neste sentido, a calidade ambiental e da paisaxe son factores esenciais para a mellora das condicións de vida e teñen especial incidencia no medio rural, xa que constitúen un aspecto diferencial positivo respecto ao medio urbano.

En consecuencia con todo isto, Agader considerou de especial interese a posta en marcha de actuacións que animen a participación pública e privada e que contribúan á conservación do contorno rural facendo del un medio máis desexable. Por esta razón, no

ano 2003, convocouse por primeira vez o premio Agader ao embelecemento do medio rural galego coa finalidade de premiar aqueles proxectos que destacasen de xeito notable polo embelecemento e coitado do medio rural.

Co fin de dar continuidade a esta iniciativa, o Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2005 aprobou a terceira convocatoria do premio Agader ao embelecemento do medio rural galego referida ao ano 2005 e delegou na directora xeral de Agader a facultade para levar a cabo as actuacións precisas para o desenvolvemento da convocatoria e a concesión do premio.

De acordo co exposto,

RESOLVO:

Convócase o Premio Agader ao embelecemento do medio rural galego correspondente ao ano 2005, que se suxeitará ás normas contidas no regulamento do premio publicado no *Diario Oficial de Galicia* número 163, do 23 de agosto de 2004.

O prazo de presentación de candidaturas rematará ás 14 horas do día 30 de xuño de 2005.

En cada proposta de candidatura deberá incluírse o nome e o teléfono de contacto do candidato proposto.

O premio constará dun diploma e unha dotación en metálico de 42.000 €.

Ademais o xurado poderá conceder dous accésit, que terán unha dotación en metálico de 9.000 € cada un.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2005.

Belén Hernández Lafuente
Directora xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIONES INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Corrección de erros.-Orde do 5 de abril de 2005 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, no corpo auxiliar da Xunta de Galicia (grupo D), cunha corrección de erros publicada no Diario Oficial de Galicia número 68, do 11 de abril.

Advertido erro na páxina 5.606, columna dereita do anexo da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 65, do 6 de abril, cunha corrección de erros publicada no DOG nº 68, do 11 de abril, cómpre facer as seguintes rectificacións:

-Suplente:

Vogais:

Onde di: «José Manuel Vázquez Pena, catedrático de dereito mercantil da Universidade da Coruña ...», debe dicir: «Manuel José Vázquez Pena, profesor titular de dereito mercantil da Universidade da Coruña ...».

Orde do 11 de abril de 2005 pola que se nomean os membros do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios.

Convocado proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios pola Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 29 de decembro de 2004, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 253, do 30 de decembro de 2004, e de conformidade co establecido nas bases da convocatoria, esta consellería

DISPÓN:

O número e composición do tribunal que deberá cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia (grupo A) escala de veterinarios será o que se relaciona no anexo.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2005.

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións
Institucionais e Administración Pública

ANEXO

Corpo superior de administración da Xunta de Galicia (grupo A), escala de veterinarios

Titular:

Presidente: Andrés Hermida Trastoy, director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca.

Secretario: Manuel López Leizán, xefe de área do laboratorio de sanidade/produción animal de Galicia.

Vogais:

José Manuel Gabeiras Vérez, delegado provincial da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural en Pontevedra.

José Antonio Sangil Noya, vicesecretario xeral da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, en representación da Escola Galega de Administración Pública.

Gonzalo Flores Calvete, enxeñeiro agrónomo da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, en representación das organizacións sindicais.